



VI RUTA CULTURAL POR TERRAS DE...SANTIAGO

Visita a dúas exposicións de CASTELAO:
ALBA DE GLORIA e CASTELAO MAXISTRAL

DOMINGO, 17 DE FEBREIRO DE 2019

Saída ás 9:15 horas

(Inscripcións: ata xoves, 14 de febreiro)



Por sexto ano consecutivo, e aproveitando a conxuntura histórica, o Instituto de Estudos Chairegos organiza a **VI Ruta Cultural**, prevista para o domingo, **17 de febreiro de 2019**, á cidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA, onde visitaremos dúas exposicións sobre CASTELAO: **ALBA DE GLORIA**, organizada polo Consello da Cultura de Galicia en San Domingos de Bonaval, e **CASTELAO MAXISTRAL**, organizada pola Xunta de Galicia na Cidade da Cultura no Gaiás. En ambas visitas contaremos con guía.

PROGRAMA

A **saída** de Vilalba, dende a casa da Cultura, producirase ás **9:15 horas**.

Unha vez en **Santiago**, daremos comezo a visita da primeira das exposicións:

- ❖ **ALBA DE GLORIA.**- A mostra, organizada polo Consello da Cultura Galega e comisariada por Manuel Gago, recrea e explica o coñecido discurso de Castelao, o derradeiro que daría o célebre autor e intelectual de Rianxo na súa vida e pretende plasmar, dun xeito inédito en Galicia e empregando tecnoloxía innovadora, a alocución que Castelao pronunciou en 1948 en Bos Aires e que encerra en si mesma dous grandes valores: por unha banda, ser unha peza clave para a oratoria en lingua galega e, por outra, ser tamén unha alocución fundamental na traxectoria de Castelao, na que recrea unha especie de Santa Compañía galega ao enumerar as figuras relevantes que axudaron a configurar a cultura galega. (www.cultura.gal)

Rematada a visita, haberá un tempo de libre disposición para visitar o casco histórico de Santiago.

Ás 14 horas, aproximadamente, dirixirémonos á Cidade da Cultura no Gaiás. Alí atópase o restaurante A Carballeira, onde terá lugar a comida, conformada polo seguinte menú:

- *Carpacho de melón con salmón e virutas de xamón Ibérico*
- *Pescada do pincho en salsa verde con ameixas e tabulé de cus-cus*
- *Tarta semifría de tres chocolates con coulis de froitas do bosque*

Sobre as cinco e media da tarde comezaremos a visita á segunda exposición:



- ❖ **CASTELAO MAXISTRAL.-** Esta mostra é unha homenaxe a Castelao e aos protagonistas do ensino público no primeiro terzo do século XIX. A obra icónica de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao *A derradeira leición do mestre* será o eixo central da exposición da Cidade da Cultura de Galicia, xunto con outras 92 pezas. O óleo foi pintado en Buenos Aires por Castelao en lembranza do seu amigo e intelectual Alexandre Bóveda, fusilado o 17 de agosto de 1936. Ata o de agora nunca tiña saído do Centro Galicia da capital arxentina. A mostra supón un recoñecemento a unha figura icónica como Castelao e ao papel que xogaron na construción do ensino público os mestres e mestras das tres primeiras décadas do século pasado (1900-1936). O proxecto expositivo tamén aborda a ruptura desta renovación pedagóxica que supuxo o estoupido da Guerra Civil, exemplificado en *A derradeira leición do mestre*. (www.cultura.gal)

Posteriormente, regresaremos a Vilalba.

A cuota que haberá que pagar será de **30 €** por adulto (os menores acompañados, **5 €**) que inclúe a comida, o autobús e as visitas guiadas ás dúas exposicións.

Os/as interesados/as poden apuntarse ata o xoves, **14 de febreiro** –como data tope improrrogable- ben enviando unha mensaxe á conta de correo electrónico do IESCHA, estudoschairesgos@gmail.com, ou ben contactando persoalmente ou por teléfono con calquera membro da súa Xunta Directiva. (*Algúns teléfonos: 686-451501/651-361628*).